

Preguntas frecuentes

Validación en ciclos formativos

1.	Preguntas frecuentes sobre validación en ciclos formativos	3
1.1	Quen pode validar módulos profesionais por acreditacións de unidades de competencias do Catalogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP)?	3
1.2	Que procedemento cómpre seguir para a validación dos módulos?	3
1.3	Que se debe entregar para formalizar a solicitude de validación?.....	3
1.4	Que ocorre co alumnado que está pendente da validación dalgún módulo?.....	3
1.5	Quen resolverá as solicitudes de validación?	4
1.6	Que consideracións se terán en conta á hora das validacións?	4

1. Preguntas frecuentes sobre validación en ciclos formativos

1.1 Quen pode validar módulos profesionais por acreditacións de unidades de competencias do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP)?

Quen teña acreditada unha unidade de competencia que forme parte do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais mediante calquera título de formación profesional, certificado de profesionalidade ou parte deles, ou mediante acreditación parcial obtida a través do procedemento que estableza o Goberno, terán validados os módulos profesionais correspondentes segundo se estableza na norma que regule cada título.

1.2 Que procedemento cómpre seguir para a validación dos módulos?

As solicitudes de validación requirirán a matrícula previa do alumnado nun centro docente autorizado para impartir estas ensinanzas, e presentaranse perante a dirección do centro educativo dentro dos primeiros 45 días contados desde o comezo das clases. No caso de centros privados, a dirección dará traslado das solicitudes ao centro público a que estea adscrito, no prazo de cinco días.

1.3 Que se debe entregar para formalizar a solicitude de validación?

- O modelo de instancia de validación (anexo XI da Orde do 30 xullo de 2007).
- Unha fotocopia compulsada do DNI do alumno ou da alumna, e da certificación académica oficial dos estudos cursados ou, de ser o caso, do certificado de profesionalidade ou da acreditación parcial.
- Xunto coa solicitude deberanse achegar, ademais da documentación anteriormente relacionada, os programas dos estudos realizados para aquelas validacións que deban ser resoltas polo Ministerio de Educación e Ciencia, e a Dirección Xeral de Formación Profesional.

1.4 Que ocorre co alumnado que está pendente da validación dalgún módulo?

Quen que estea pendente de validación nalgún módulo profesional deberá asistir ás clases e será avaliado no momento da presentación da resolución favorable desta. Se o alumno

ou a alumna obteñen a validación posteriormente ás avaliacións finais (á obtención das notas do curso), deberanse facer as modificacións oportunas na cualificación en todos os documentos oficiais consonte a validación obtida.

1.5 Quen resolverá as solicitudes de validación?

- A dirección do centro docente público onde a persoa solicitante figure matriculada resolverá as solicitudes de validacións entre módulos profesionais serán resoltas.
- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano competente para resolver a solicitude de validación no caso dos seguintes módulos: proxecto integrado, en calquera ciclo; tecnoloxías da información e da comunicación na empresa, no ciclo de prevención de riscos profesionais; e segunda lingua estranxeira, no ciclo de comercio internacional.
- No resto de solicitantes de validacións será o Ministerio de Educación e Ciencia o que resolva a solicitude de validación.

1.6 Que consideracións se terán en conta á hora das validacións?

- Os módulos profesionais que teñan idéntica denominación e duración, así como as mesmas capacidades terminais e os mesmos criterios de avaliación que os descritos nos reais decretos polos que se establece cada un dos títulos de formación profesional específica serán validables entre si.
- Os módulos profesionais que, sen teren idéntica denominación, teñan capacidades terminais e contidos básicos similares aos descritos nos reais decretos polos que se establecen as titulacións e as correspondentes ensinanzas mínimas, serán validables.
- No anexo VI da Orde do 8 de outubro de 2002 recóllense as seguintes validacións de carácter xeral entre módulos profesionais.

FORMACIÓN ACHEGADA			FORMACIÓN PARA VALIDAR	
Familia profesional	Ciclos formativos/ Módulos (ciclo formativo ao que pertence)	Grao	Módulos profesionais para validar (ciclo formativo ao que pertence)	Grao
Calquera familia	Módulo: formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GS	Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM / GS
	Módulo: formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM	Formación e orientación laboral (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo: relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM	Módulo: relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GM	Módulo: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS / GM	Módulo: relacións no equipo de traballo (calquera ciclo formativo)	GM
	Módulo: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS	Módulo: relacións no contorno de traballo (calquera ciclo formativo)	GS

	Módulo: administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS	Módulo: administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GM
Administración	Ciclo formativo: xestión administrativa	GM	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GM
	Ciclo formativo: administración e finanzas	GS	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa (calquera ciclo formativo)	GS / GM

- Ademais, poderán ser obxecto de validación:

MÓDULOS PROFESIONAIS	CICLOS FORMATIVOS
Proxecto integrado	De todos os ciclos formativos de grao superior onde se imparta proxecto integrado.
Tecnoloxías da información e da comunicación na empresa	Prevención de riscos profesionais
Segunda lingua estranxeira	Comercio internacional

- Os módulos profesionais que non estean incluídos nos epígrafes anteriores poderán ser obxecto de validación, de ser o caso, polo Ministerio de Educación e Ciencia.